

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de setembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(963).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

2(964).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS EXTERNAS DE XESTIÓN DE NÓMINAS E RR.HH. EXPTE. 7729/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/09/16, dáse conta do informe-proposta de data 19/09/16, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 24 de agosto de 2016 acordou:

- a) *Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 13 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113). e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 9 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113) na seguinte orde decrecente:

1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA).

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, 1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- En data 9 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), que presenta a documentación requirida en data 17 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA)

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113) por un prezo de total de 90.513,62 euros (IVE ENGADIDO) dos que 40.960,92 euros (IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 98,31 euros (IVE ENGADIDO) e as seguintes prestacións adicionais:

- Unha bolsa de 8 horas remotas anuais a custe cero.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(965).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 121736/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/09/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de setembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación dos servizos de axuda no fogar (expediente 121.736-301).

Segundo.- A Xunta de Goberno local do 23 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo de axuda no fogar (121.736-301) na seguinte orde decrecente:

<i>LICITADOR</i>	<i>TOTAL</i>
<i>CLECE, SA</i>	<i>97,25</i>
<i>EULEN SERVIZOS SOCIOSANITARIOS, SA</i>	<i>83,54</i>
<i>OHL SERVICIOS INGESAN SA</i>	<i>9,22</i>

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.602,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado o 23 de setembro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, SA, que presenta a documentación requirida o 28 de setembro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de setembro de 2016, examina tanto a documentación achegada pola empresa como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CLECE, SA.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE LA ACCION SOCIAL

por non ter declarado a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

2º.- Adxudicar a CLECE, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) por un prezo de total de 18.079.556,53 euros e un prezo unitario de 14,07 euros (IVE incluído). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(966).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DERIVADOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL SANTA MARTA-CASCO VELLO ATA A ADXUDICACIÓN DO NOVO CONTRATO. EXPTE. 11367/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/09/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro delegado da Área, a titular da Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Pregos de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello (PCAP).
- Pregos de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Anteproxecto de lei de contratos do sector público, aprobado polo Consello de Ministros de 17 de abril de 2015.

- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de maio de 2010, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente para a contratación do servizo de xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello (expediente 11367-332), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 2 de setembro de 2010, a XGL acordou a adxudicación do citado contrato á mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. Este contrato formalizouse o mesmo día e comezou a súa execución o día 1 de outubro do mesmo ano. O prazo de execución é de 4 anos prorrogable por outros dous. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 8 de agosto de 2014 e 31 de xullo de 2015, respectivamente. A última prórroga remata o día 30 de setembro de 2016.

Terceiro.- En data 8 de abril de 2016, a XGL, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) de Santa Marta-Casco Vello por procedemento aberto (expediente 17500-332).

Cuarto.- En data 25 maio a Mesa de contratación do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre A: documentación persoal. Trala cualificación da mesma, acordouse:

- Admitir no procedemento a COLEXIO LOS MILAGROS, S.L.; ARASTI BARCA M.A.,S.L.
- Solicitar subsanación da documentación a AURORA, PILAR Y ANA,S.L.; UTE GESTION ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS; CLECE, S.A. e ANA NAYA GARCIA,S.L.

Quinto.- En data 1 de xuño, a Mesa de contratación, tras revisar a documentación aportada polos licitadores durante o prazo de subsanación acordou:

- Admitir inicialmente no procedemento a AURORA, PILAR Y ANA,S.L.;CLECE, S.A., e ANA NAYA GARCIA,S.L.
- Excluir a oferta presentada pola UTE GESTION ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, xa que a UTE “constituíuse para a execución dun contrato concreto e polo tanto carece de capacidade de obrar tal e como esixe a lexislación contractual e a cláusula 8 do PCAP.

Sexto.- En data 14 de xuño de 2016, a Mesa de contratación, en acto público procedeu á apertura do “sobre B: proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acordou solicitar informe sobre o mesmo ao servizo de Educación. O informe do técnico do servizo de Educación, de data 7 de xullo de 2016, é aceptado pola mesa, en sesión de 13 de xullo de 2016.

Sétimo.- En data 15 de xullo de 2016, a Mesa de contratación, informada pola xefa do servizo de Contratación da falta de notificación do acordo de exclusión e da posibilidade de que a UTE excluída formulase recurso acordou “Requirir ao Servizo de Contratación para que proceda, o máis axiña posible, á notificación da exclusión do procedemento á UTE Xestión Escolas Infantís Municipais e suspender a tramitación do expediente ata que transcorra o prazo para a interposición dun posible recurso”. O citado acordo de exclusión foi notificado nesa mesma data.

Oitavo.- En data 28 de xullo de 2016, Dña. Olga Carmen Zaragozá Giner, en nome e representación da UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, en senllos escritos presentados no Rexistro Xeneral do Concello de Vigo, anuncia e interpón recurso especial en materia de contratación contra a exclusión da súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello, por acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, adoptado en sesión de 1 de xuño de 2016. Acordo que lle foi notificado o 15 de xullo do mesmo ano.

Noveno.- En data 5 de agosto de 2016, a XGL acordou aprobar o informe sobre o citado recurso especial en materia de contratación, así como a remisión do mesmo xunto co expediente ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (en diante, TA-CRC) e a suspensión do procedemento en tanto non sexa resolto o recurso polo citado Tribunal.

Décimo.- En data 5 de setembro de 2016, o técnico superior de Educación, co conforme da xefa do servizo de Educación, ante a inminente finalización do contrato vixente e a imposibilidade de firmar un novo contrato antes do día 30 de setembro de 2016, por mor da interposición do recurso especial, solicita do servizo de contratación, que proceda á realización dos trámites necesarios para dar continuidade aos servizos necesarios para a xestión da Escola Municipal de Santa Marta-Casco Vello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, os contratos que nos ocupan, réxense polas seguintes normas:

-Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato de servizos para a xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo

O contrato de servizos para a xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello adxudicóuselle á COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en data 2 de setembro de 2010, por un prazo un catro anos, comezando a súa execución en data 1 de outubro de 2010. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 8 de agosto de 2014 e 31 de xullo de 2015, respectivamente. A última prórroga remata o día 30 de setembro de 2016.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da XGL de 8 de abril de 2016, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (17500-332).

Durante a tramitación do mesmo, a Mesa de contratación, en sesión de 1 de xuño de 2016, acordou “Excluir a oferta presentada pola UTE GESTION ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, xa que a UTE constituíuse para a execución dun contrato concreto e polo tanto carece de capacidade de obrar tal e como esixe a lexislación contractual e a cláusula 8 do PCAP”. A citada UTE interpuxo recurso especial en materia de contratación contra esta exclusión, solicitando expresamente a suspensión do procedemento de contratación ata que se resolva o recurso.

Se ben a interposición deste recurso non impediría a continuación da tramitación do procedemento ata a adxudicación e posterior formalización do novo contrato, pois a interposición dun recurso especial so suspende automaticamente a tramitación do expediente se o acto impugnado é o acordo de adxudicación (artigo 45 do TRLCSP), o certo é que o órgano de contratación acordou a suspensión do procedemento, en data 5 de agosto de 2016, á vista das seguintes circunstancias:

- Coa interposición do recurso contra a exclusión se solicitou a suspensión do procedemento e é probable, como sucedeu en outras ocasións, que o TACRC acorde dita suspensión.
- No caso de que o TACRC estime o recurso, isto implicaría que habería que retrotraer o procedemento ao momento anterior a exclusión do procedemento do recorrente, e, no seu caso, o novo contrato en execución deviría nulo. En consecuencia, resulta aconsellable por razóns cautela e de seguridade xurídica, a non continuación do procedemento ata a resolución do recurso.

Na actualidade, e por mor da suspensión do procedemento de adxudicación do novo contrato non pode garantirse a continuidade na prestación do servizo.

-III-

Necesidade da prestación dos servizos para a xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento dunha Escola Infantil Municipal. Tal e como consta no informe de necesidade e idoneidade que consta no novo expediente “*O Concello de Vigo, a través do Servizo de Educación, vén xestionando a Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM), composta na actualidade por seis escolas en funcionamento (EIMs de Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns,*

Santa Cristina-Lavadores, Santa Marta-Casco Vello, Bouzas e Tomás Alonso) e dúas máis de inminente apertura (Navia e Mestres Goldar-Castrelos). O papel da administración local na promoción e desenvolvemento das escolas infantís municipais, está a cubrir un oco muy importante na oferta pública de prazas para a etapa 0-3 anos na nosa cidade que claramente resulta insuficiente, tendo en conta os datos de solicitude e admitidos/as, que se derivan da última convocatoria ordinaria de prazas na rede pública, incapaz de satisfacer a elevada demanda, xa que, neste curso 2015-2016, un total de 721 nenos e nenas non obtiveron praza na rede de escolas infantís municipais (REIM), despois de solicitala, pasando a conformar as correspondentes listas de agarda. Resulta, pois, evidente a situación de carencia de oferta na rede pública de escolas infantís 0-3 anos (...) A Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro) no seu artigo Primeiro.Tres.4, dí que: "As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sotenibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requerimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sotenibilidade financeira e non se incurra no suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estos efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre sotenibilidade financeira das novas competencias.

En todo caso, o exercicio destas competencias deberá realizarse nos termos previstos na lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas".

- A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola LO 8/2013 (LOMCE), faculta aos Concellos para:

A Cooperación e colaboración na planificación e implementación da política educativa (art 1.i e p)

A cooperación entre administracións, coordinación de actuacións e xestión de servizos por delegación (art. 8 1 e 3)

*A coordinación na oferta de educación infantil mediante convenios de cooperación (art. 15.1)
"1. As Administracións públicas promoverán un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo [de educación infantil 0-3]. Así mesmo coordinarán as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo. A tal fin, determinarán as condicións nas que poderán establecerse convenios coas corporacións locais, outras Administracións e entidades privadas sen fins de lucro"*

Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3.e), como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, no artigo 3.i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

-Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia".

Reprodúcese a continuación o informe técnico da xefa do servizo de Educación, de data 28 de setembro de 2016, no que se pon de releve a necesidade de continuar co servizo e os

perigos que implicaría o non facelo, e xustifícase a conveniencia de que continúe coa súa prestación a actual empresa contratista:

“Informe sobre a necesidade de continuidade do servizo EIM Santa Marta-Casco Vello

A XGL na súa sesión de 02/09/2010 adxudicou definitivamente a Los Milagros SL o contrato para a xestión da EIM Santa Marta-Casco Vello (expte 11367-332). A data de inicio do contrato foi o 01/10/2010 e a duración de catro anos, máis dúas posibles prórrogas de un ano de duración cada unha. Para dar continuidade a un servizo que tiña, pois, como data tope de vixencia do actual contrato o vindeiro 30/09/16, o pasado 19/01/16 iniciouse un novo expediente de contrato maior para a cobertura das necesidades asociadas ao funcionamento da citada Escola infantil municipal.

Segundo o indicado no informe do servizo de Contratación de data 04/08/16, incluído no expediente 17500/332 “Contrato maior de servizos para a xestión da Escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello”, unha das empresas presentadas ao concurso-excluída nunha das primeiras fases do procedemento- presentou, con data 28/07/16, recurso especial en materia de contratación contra a súa exclusión do procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da EIM Santa Marta-Casco Vello.

Deste xeito, dados os trámites estimados para a resolución do citado recurso, non vai ser posible ter rematado o procedemento e asinado o correspondente contrato con data anterior á de previsión de inicio (01/10/16).

A non continuación da prestación deste servizo tería unhas consecuencias moi graves para os usuarios afectados. Son razóns de interese público as que fan necesario que se continúe prestando este servizo. Nestes intres a función que desenvolven os equipamentos educativos municipais como a Escola Infantil Municipal de “Santa Marta”, constitúen un pilar esencial na procura da contribución da conciliación da vida laboral e familiar das familias que xa teñen aos seus fillos/as matriculados, dado que posibilita que estos centros de titularidade municipal, escolaricen a nenos de 0 a 3 anos empadroados no termo municipal.

A través do servizo que presta esta EIM se está a ofrecer a estas familias viguesas un servizo educativo de calidade esencial para a primeira infancia desde unha dobre vertente: Por unha banda educativa, entendida como unha prestación que nace do dereito do neno á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade (físico, afectivo, intelectual, moral e social), nun ambiente axeitado ás súas necesidades e en contacto con outros nenos (esta función educativa é complementaria á educación recibida no seo do propio ambiente familiar). E por outra banda asistencial, xa que ao mesmo tempo pretende ofrecer un servizo de carácter social ás familias traballadoras do municipio, mediante horarios que permitan a correcta conciliación da vida familiar e laboral.

O servizo que se presta é imprescindible para a estabilidade económica e a integración social das familias que por razóns laborais non poden atender aos seus fillos máis pequenos, de non contar con este servizo poderían verse obrigados ter que abandonar os seus postos de traballo coas gravísimas consecuencias que esto con-

leva, ou a deixar os seus fillos con familiares que non residen no municipio o que provocaría o desarraigo familiar.

Hai que ter en conta que o Concello de Vigo convocou con anterioridade (expte 17682/332, aprobado na sesión de XGL de 26/02/16) o procedemento de solicitude, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2016-2017, proceso que rematou o 8 de xullo, co remate do prazo de matrícula. O novo curso escolar deu comezo o luns día 5 de setembro.

A estas alturas do ano non resultaría posible recolocar aos nenos noutros centros da rede pública de escolas infantís por canto o prazo de matrícula xa rematou, e en Vigo non quedan prazas vacantes nos centros públicos.

Concretamente a EMI Santa Marta-Casco Vello é a máis demandada das escolas infantís municipais por canto é a única escola infantil municipal do centro da cidade, existindo lista de agarda.

A maiores, a non continuación do servizo produciría a perda dos seus postos de traballo polos traballadores da EIM Santa Marta-Casco Vello, xa que estes en virtude do convenio colectivo teñen dereito a subrogarse no novo convenio.

Por todo o exposto, solicítase do servizo municipal de Contratación que poña en marcha os mecanismos excepcionais procedentes que permitan manter a continuidade na prestación deste servizo municipal, ata a definitiva resolución do expediente de contratación en curso”.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico segundo, non é aconsellable por razóns de prudencia e seguridade xurídica continuar coa licitación do novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos de xestión da Escola Municipal.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, dende a regulación no noso ordenamento xurídico do recurso especial en materia de contratación, non é infrecuente que aconteza esta circunstancia tras sucesivas interrupcións do expediente, orixinadas pola interposición dun ou varios recursos especiais. Pois o artigo 45 do TRLCSP establece obrigatoriamente a medida cautelar de suspensión forzosa para o suposto de impugnación da adxudicación, e o artigo 43 a posibilidade de que o tribunal competente para resolver o recurso adopte a mesma nos demais supostos de impugnación do artigo 40 do TRLCSP, durante a substanciación do ou dos mesmo/s.

Este problema agravase en casos nos que o persoal que presta o servizo puidera ter dereito á subrogación, por imperativo da lexislación laboral (artigo 44 do ET), como sucede no presente caso. Pois é necesario garantir a continuidade do mesmo no impas entre a finalización dun contrato e o inicio do seguinte. Circunstancia que concorre no caso que nos ocupa.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A diferenza doutras normas xa derogadas, a vixente normativa de contratación pública non prevé como resolver casos como o que nos ocupa.

No entanto, normas xa derogadas como o Regulamento de contratación das corporacións locais do ano 1953, prevía expresamente unha prórroga forzosa dende o remate do contrato ata que o novo contratista se fixese cargo do servizo, cun prazo máximo de 6 meses, no artigo 93.

Si se prevé na lexislación contractual o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos, na actualidade concesión de servizos, tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24. Nesta liña, o artigo 128.1.1ª do RS fixa entre as obrigas do concesionario "Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, ata no caso de que circunstancias sobrevidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión". Este precepto parece abrir a posibilidade de que ó finalizar o prazo concesional, a Administración poida impoñer ó concesionario continuar realizando as prestacións da concesión en tanto se resolve sobre a continuidade do servizo, prorrogándose, así, a vixencia do contrato polo lapso de tempo necesario para solventar a situación, interpretación que parece acollerse pola xurisprudencia do Tribunal Supremo na sentenza de 18 de novembro de 1986 ó dicir "(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular".

Na anterior lexislatura, o goberno da nación aprobou en Consello de Ministros un anteproxecto de lei de contratos do sector público, en data 17 de abril de 2015, actualmente pendente de informe preceptivo do Consello de Estado. O artigo 29.4 deste anteproxecto establece que "cando ao vencemento dun contrato non se houberse formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario".

O artigo 35.3 da LCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que "Si a declaración administrativa de nulidade

dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. Nesta liña dispón o vixente TRLCSP no artigo 35.3 do TRLCSP que “Si a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”.

Se ben no presente caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público obrigatoria. Ante a inminencia da finalización do prazo contractual e non terse adxudicado o novo contrato antes da data na que expiren o vixente contrato por mor da suspensión do procedemento de licitación tras a interposición do recurso especial, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo, evitando os trastornos e perigos que poderían derivarse da interrupción dun servizo fundamental para a cidadanía como o funcionamento dunha escola infantil municipal. Aplicando analoxicamente este precepto ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta os servizos necesarios para o funcionamento da mesma, ata a formalización do contrato coa empresa que resulte adxudicataria do novo contrato. O contrato deberá continuar nas mesmas condicións que ata a actualidade, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento da Escola Municipal, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a resolución do recurso e, no seu caso, a formalización e inicio do novo contrato.

Consta no expediente a conformidade de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., para continuar realizando as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. A continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato do servizo de xestión da Escola Municipal Santa Marta-Casco Vello (expediente 11367-332) nas mesmas condicións ata a resolución do recurso e formalización do novo contrato.

2º. Autorizar e comprometer os gastos derivados da continuidade deste contrato”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(967).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR)” NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO PARA O ANO 2016. EXPTE. 12990/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8/07/16, e o informe de fiscalización de data 23/09/16, dáse conta do informe-proposta de data 1/09/16, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro delegado da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, mediante a realización de ferias internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2013, 2014 e **2015**, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

...”

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está iniciando unha nova iniciativa de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova iniciativa de fomento do Emprego xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica que estamos a vivir.

Dentro desta iniciativa de fomento do Emprego temos en conta a situación do sector da alimentación e, dentro deste, o relacionado co comercio dos produtos derivados da pesca e da acuicultura e a potenciación do emprego no sector empresarial de produtos conxelados, fomentando o coñecemento internacional dos mesmos e a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral; tendo en conta que a realización desta feira internacional enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social.

A “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 15 de xuño de 2016 co nº de documento 160079818, solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto de apoio á “Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados CONXEMAR 2016” e ao “Congreso Mundial de Cefalópodos”, instrumentará a realización da feira e o congreso, o que supón o mantemento dos postos de traballo da entidade, e a promoción do desenvolvemento empresarial, o que permitirá a dinamización da actividade económica da cidade nos diversos sectores implicados, así como permitir a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira e o Congreso Mundial de Cefalópodos, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuindo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2015, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.*
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira e o Congreso, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2015, no que*

tivo 547 expositores de 40 países e 27.005 visitantes profesionais procedentes de 105 países.

- *Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación en Vigo: na sede da Asociación en Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.*

Non obstante, dado que a Feira é a principal fonte de ingresos para o mantemento tanto da estrutura da asociación como dos servizos que presta aos seus asociados, pode considerarse que contribúe ao mantemento da totalidade da plantilla da asociación que ascende a un total de 16 persoas traballadoras (catro máis que o ano 2015).

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, complementáoaos, como se amosa de seguido:

- ✓ *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- ✓ *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ *Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
- ✓ *Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

– E tendo en conta a necesidade de dinamizar un sector que se atopa en recesión, mediante o seu coñecemento e dinamización o que permitirá a creación e mantemento de postos de traballo, e sendo a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)” a única entidade que ten entre os seus obxectivos a celebración da “Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados”, e que ten a experiencia necesaria, así como un profundo coñecemento do funcionamento e coordinación do comercio de produtos alimenticios conxelados, o que xustifica **a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 100.000,00 €, importe recollido nominativamente na partida 2410 4700003 “Convenio Feira Coxemar”, conforme ao establecido no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1º.- Aprobado o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, con CIF: G36636819.
- 2º.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016 e, comprometer o mesmo a favor da “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.
- 3º.- Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
- 4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, Don José Luís Freire Freire, como Presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 29 de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custos do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo

3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concrición.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira e o Congreso Mundial de Cefalópodos, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2015, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.*
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira e o Congreso, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2015, no que tivo 547 expositores de 40 países e 27.005 visitantes profesionais procedentes de 105 países.*

Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira e do Congreso Mundial de Cefalópodos:
 - Organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e do Congreso Mundial de Cefalópodos, implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.**
- Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación en Vigo: na sede da Asociación en Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.*

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 15 de xuño de 2016 co nº de documento 160079818, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,*
- b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por grupos de idade e sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Maio 2016				
Desemprego	Total <25	Total >25	Homes	Mulleres
27.877	1.145	11715	12.301	15.756

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Maio 2016					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
27.877	801	3.302	2.155	19.791	2.233

- Datos correspondentes a maio 2016, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da implantación empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2015 contou coa participación de 547 expositores (27 máis que o ano anterior, destacando novamente a presenza da FAO) de 40 países, com visitantes profesionais procedentes de 105 países de todo o mundo (11 países máis que o ano anterior).

V.- Que CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR

“Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, o Concello de Vigo e a dita CONXEMAR convénen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

- 1. O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e do Congreso Mundial de Cefalópodos, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.
A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.*
- 2. Mantemento de 6 profesionais dedicados á organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira na sede da Asociación en Vigo.*
- 3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- 4. Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- 5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- 6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- 10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ✓ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- ✓ Respectar a estrutura organizativa de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.*

- ✓ Conceder directamente á CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 "Convenio Feira Conxemar", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vogais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do 10 de novembro de 2016, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computa-

rasedo gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

2. As Retribucións de persoal da entidade correspondentes aos 10 días anteriores e os 5 posteriores á celebración da feira e o forum, xustificaranse mediante:
 - ▯) Copia autenticada do contrato.
 - ▯) Copia autenticada do TC1 e TC2.
 - ▯) Copia autenticada das nóminas.
 - ▯) Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
 - ▯) Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.
3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e á área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.
4. Serán gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de outubro de 2016.
5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de outubro de 2016, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da feira e do forum.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo novena.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2016.

6(968).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA NOVA AULA DA UNED DE VIGO. EXPTE. 19862/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 26/09/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de setembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- *Propostas de clasificación.*

a) *Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL</i>	<i>91</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 858,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

7(969).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ACCESORIOS COMPLEMENTARIOS DOS EQUIPOS PORTÁTILES DE COMUNICACIÓN SEPURA. EXPTE. 49533/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/09/16, e o informe de fiscalización do 26/09/16, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, do 23/09/16, conformado polo concelleiro delegado de dita área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I

O pasado 25 de setembro de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou a adhesión do Concello de Vigo á rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia e as condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a Retegal, SA, coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia, expte.: 44940/212.

A adhesión ten unha duración de 10 anos dende a súa sinatura (25/09/2015) e contempla a adquisición pola Xunta de Galicia de 225 terminais e a cesión do seu uso ao Concello de Vigo para ser utilizados polos servizos de Policía, Bombeiros e Protección Civil, na proporción estipulada no devandito modelo de adhesión.

II

O terminais, da marca SEPURA, serie STP 9000, foron entregados pola Xunta de Galicia o pasado 18 de marzo xunto cunha serie de accesorios complementarios para o funcionamento.

De conformidade co modelo de adhesión, tanto os custos de instalación coma outros accesorios, distintos dos entregados cos terminais, son de conta do Concello de Vigo.

III

Tralas pertinentes probas técnicas e estudo de necesidades polos tres servizos usuarios da rede, resulta necesario para o eficaz funcionamento das comunicacións, a adquisición dos seguintes bens compatibles cos equipos proporcionados:

- 22 antenas portátiles*
- 13 cargadores múltiples de 6+6 unidades*
- 175 Microaltavoz estándar 300-00389*
- 6 Auriculares discretos 300-00755*
- 3 Mic personal para terminales STP 9000*
- 4 Espárragos STP Klick Fast 300-00718*

IV

O 27 de xullo do 2016, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, ordena a incoacción de expediente de contratación (49533/21), polo procedemento negociado con publicidade, para a suministro dos accesorios detallados no apartado anterior.

V

Na tramitación do expediente consta, ademáis do informe-proposta motivando á necesidade e idoneidade do contrato e a Resolución de inicio do expediente mencionados no apartado anterior:

- Memoria xustificativa do contrato conformada coas esixencias de motivación determinadas pola lexislación contractual, asinada polo Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 29 de xullo do 2016.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), asinado polo Xefe de Administración Electrónica e o Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o 28 e 29 de xullo do 2016, respectivamente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), asinado o 8 de setembro pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal sobre o PCAP, asinado pola Xefa de Asesoramento e a Titular da Asesoría Xurídica Municipal o 20 de setembro do 2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

VI

En canto ao inicio do expediente e contido, arts. 109 e disposición adicional segunda, apartados 2,3 e 8, todos do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; asimismo o Decreto de delegacións da Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de 19 de xuño do 2015.

VII

En relación á aprobación do expediente, art. 110 e a disposición adicional segunda do RD-Lex 3/2011.

VIII

O orzamento máximo de licitación é de 25.541,38 euros, sendo o importe correspondente ó Imposto sobre o Valor Engadido de 4.432,80 euros.

As aplicacións orzamentarias de imputación, que se denominan “ suministro de material electrónico e de telecomunicacións, son as seguintes:

	Prezo €	Ive 21%	Prezo total
1320.2211200	11.103,54	2.331,74	13.435,28
1360.2211200	4.915,02	1.032,15	5.947,17
1350.2211200	5.090,02	1.068,9	6.158,92

Nas mesmas non hai crédito suficiente, pero si no nivel de vinculación xurídica, sen que ese gasto perturbe o funcionamento normal do resto dos servizos da bolsa, estando o seu funcionamento garantido en termos anuais

En mérito de canto antecede, previo informe de fiscalización e da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención Xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación, cos seus pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, para o subministro dos seguintes elementos acceso-

rios do novo sistema de comunicacións dixitais dos servizos municipais de Policía Local, Extinción de Incendios e Salvamento e Protección Civil:

- 22 antenas portátiles
- 13 cargadores múltiples de 6+6 unidades
- 175 Microaltavoz estándar 300-00389
- 6 Auriculares discretos 300-00755
- 3 Mic personal para terminales STP 9000
- 4 Espárragos STP Klick Fast 300-00718

2º.- O expediente contempla un orzamento máximo de 25.541,38 €, que comprende un IVE do 21% (4.432,80 €), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias denominadas "suministro de material electrónico e de telecomunicacións:

Aplicacións	Prezo €	Ive 21%	Prezo total
1320.2211200	11.103,54	2.331,74	13.435,28
1360.2211200	4.915,02	1.032,15	5.947,17
1350.2211200	5.090,02	1.068,9	6.158,92

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación negociado con publicidade no perfil do contratante.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(970).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SELECCIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A CONTRATACIÓN DA ESPECIALIDADE DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27683/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a dilixencia de data 26/09/16, asinada pola xefa de Asesoramento do Servizo de Asesoría Xurídica, dáse conta do informe-proposta de data 29/08/16, asinado polas dúas técnicas de prevención de riscos laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2016, aprobou o expediente de contratación 27683/220 do Servizo de Prevención Alleo para a cobertura da especialidade de Vixilancia da Saúde dos empregados e empregadas públicos municipais do concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas de 10 de xuño de 2016, a memoria xustificativa de 15 de abril de 2016, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 4 de xullo de 2016, que se inclúen no expediente, así como abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista. Segundo o acordado na sesión de Xunta de Goberno Local de 2 de setembro, o expediente publicouse no perfil do contratante da páxina web co concello de Vigo, e na data actual está en prazo de presentación de ofertas.

INFORME

No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, o prego de prescricións técnicas, asinado polas Técnicas de PRL do SPPRL, conformado pola Xefa da área de RRHH e Formación.

Revisado o punto II.2 deste prego de prescricións técnicas, e para garantir a presenza dun médico especialista en medicina de traballo e un/ha ATS/DUE de empresa no servizo médico acreditado do concello de Vigo, é necesario realizar a seguinte modificación:

O apartado II.2 RECURSOS HUMANOS, recolle:

“Para isto, porase a disposición do Concello, un médico e unha ATS-DUE capacitados para realizar os recoñecementos médicos de acordo co establecido no artigo 37 do RD 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, que desenvolverán o seu traballo diario na Casa do Concello de Vigo, todos os días laborables no horario habitual dos empregados/as públicos/as municipais segundo horario establecido polo órgano municipal competente. Durante o período de vacacións, baixas prolongadas por enfermidade ou permisos deberán cubrir o servizo con outra persoa de igual titulación (médico -capacitado para realizar os recoñecementos médicos- e ATS/DUE de empresa).”

e debe especificar:

“Para isto, porase a disposición do Concello, un/ha médico especialista en medicina de traballo e un/ha ATS/DUE de empresa, capacitados para realizar os recoñecementos médicos de acordo co establecido no artigo 37 do RD 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, que desenvolverán o seu traballo diario na Casa do Concello de Vigo, todos os días laborables no horario habitual dos empregados/as públicos/as municipais segundo horario establecido polo órgano municipal competente. Durante o período de vacacións, baixas prolongadas por enfermidade ou permisos deberán cubrir o servizo con outra persoa de igual titulación (médico especialista en medicina de traballo e un ATS/DUE de empresa). “

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 23/09/2016 que contén a modificación recollida na parte expositiva deste informe-proposta.

2º .- Abrir un novo prazo para a licitación do expediente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(971).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU”. EXPTE. 3205/443.

Visto o informe de fiscalización de data 27/09/16, dáse conta do informe-proposta do 20/09/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o técnico de Admón. Xeral e xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do capítulo "Pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.6190052 "HUMANIZACION DA RÚA BUEU"..

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 21/01/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto, por importe de 12.039,50 euros, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil SOLTEC INGENIEROS, S.L.

3. O proxecto presentado pola mercantil SOLTEC INGENIEROS, S.L., con CIF B36881415, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Manuel Cameans Rodríguez, ten un orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS VINTE CINCO MIL TRESCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CARENTA E SEIS CÉNTIMOS (825.387,46 €) e data xullo de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, con data 15/07/2016, informou que "a actuación plantexada no documento borrador a nivel global se considera que cumpre os obxectivos do contrato de redacción, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico firmante do proxecto constructivo"

5. A actuación se desenvolve na rúa Bueu, desde o paso de peóns na intersección coa Rúa Vilagarcía d Arousa, cunha lonxitude total de 173,58 metros e unha superficie de actuación de 4.725,28 m², e comprende as seguintes actuacións: renovación completa dos pavimentos da sección completa do vial, reordenación de espazos, especialmente da zona verde e libre existente, renovación das instalacións de alumeado e rego, mellora da xardinería e mobiliario existente e a creación dun parque biosaludable, composto por diferentes equipos co obxectivo de cumprir un servizo público de benestar e saúde para as persoas maiores.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 5 meses.

6. Á vista do actuado, con data 16 de setembro de 2016, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o expediente para a aprobación do proxecto "Humanización da Rúa Bueu".

7. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 16 de setembro de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o Proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU", de data xullo 2016, cun orzamento de 825.387,46€ (IVE incluído) redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda e polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Manuel Cameans Rodríguez.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero.